A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 26 de novembro de 2026 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

* Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de outubro de 2026.

* Aprobación de declaracións de interese das modificacións non substanciais dos títulos de grao, máster e dos programas de doutoramento para o curso 2027/28.

* Aprobación de declaracións de interese de verificación/modificación substancial de títulos de grao, máster e de programas de doutoramento para o curso 2028/2029.

* Aprobación de declaracións de interese de programas académicos de simultaneidade de dobres titulación de grao con itinerario específico para o curso 2027/2028.

* Aprobación das Bases do Programa de Retención de Talento Investigador da Universidade de Vigo para o 2026.

* Aprobación da convocatoria e Axudas para a Contratación de Persoal Investigador Predoutoral en formación da Universidade de Vigo para o exercicio 2026.

* Aprobación da modificación da Normativa para a Contratación de Profesorado Asociado da Universidade de Vigo.

* Aprobación da Oferta de Emprego Público (OEP) 2026 para o sector PDI.

* Aprobación da Oferta de Emprego Público (OEP) 2026 para o sector PTXAS.

* Aprobación da creación das empresas spin-off EdgeContinuum, Benjamin Mytilus e QLAVE e da participación da Universidade de Vigo nas empresas spin-off en EdgeContinuum, Benjamin Mytilus, QLAVE e Energio Research.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.